



XOVES 7 DE MAIO DE 2020

MIRÓN

Hoxe toca xogar cos vosos nomes.

- 3 e 4 ANOS: primeiro escribe o teu nome nun papel en letras maiúsculas separadas. Despois, recorta cada letra por separado e volve xuntalas para montar o teu nome. Así, por exemplo (pero en maiúsculas):



- Podes facer o mesmo cos nomes da túa familia ou amigos. Os nenos/as de 4 anos poden mesturar as letras de todos os nomes e logo tratar de buscar entre todas as do seu para montalo; o mesmo cos outros nomes. É importante que os nenos/as teñan un modelo de nome que poder mirar para guiarse na busca das letras (agás que os vexades moi desenvoltos).
- Agora tes unha misión difícil: xogamos tanto coas letras que acabaron perdéndose nunha sopa de letras! (adxunto). Tócache buscar as letras do teu nome e rodealas ou pintalas. Fíxate ben porque seguro que están aí!
- 5 ANOS: ti tes que buscar os nomes dos teus amigos/as do cole nestas sopas de letras (adxunto). Verás que ao lado da sopa de letras hai unha táboa cos nomes que tes que buscar. Se che resulta moi difícil atopalos, podes consultar as táboas que aparecen máis abaixo nas que están marcadas de cor verde as iniciais de cada nome. Así seguro que podes pescudalos máis facilmente.
- Logo, escribe ti mesmo os nomes que buscaches e separa un pouquiño cada letra porque despois terás que recortalas. Unha vez recortadas, mestura as letras e trata de montar os nomes dos teus amigos/as. Podes facelo con todos ou só con algúns, en maiúsculas ou en minúsculas; como queiras. Para montar os nomes, os nenos/as poden observar un modelo escrito co que poder guiarse na busca.
- Agardo que vos divirtades moito.
- Grazas, forza e ánimo.

